



Santiago de Compostela a 12 de Febreiro de 2021

As catro organizacións sindicais con presenza na Mesa Sectorial Docente non Universitaria (CIG-Ensino, CCOO-Ensino, ANPE e FeSP-UGT) manifestan que:

Dada a proximidade da celebración dos procesos selectivos de ingreso e acceso á función pública docente correspondentes á OPE do ano 2020 e a situación creada pola pandemia da COVID 19, estase a xerar unha situación de incerteza sobre como se vai a artellar a celebración do proceso e as condicións de celebración do mesmo.

Compre negociar e clarificar todas as medidas tanto sanitarias como organizativas a tomar para un correcto desenvolvemento do mesmo e que o persoal participante poida saber con suficiente tempo de antelación como se van a realizar as probas.

Polo que as catro organizacións (CIG-Ensino, CCOO-Ensino, ANPE e FesP-UGT) solicitan

A convocatoria urxente da Mesa Sectorial Docente non Universitaria para negociar e clarificar todas as cuestións referidas ao desenvolvemento dos procesos selectivos da OPE de 2020

CIG-Ensino

CCOO-Ensino

ANPE

FeSP-UGT

SR PRESIDENTE DA MESA SECTORIAL DOCENTE NON UNIVERSITARIA DA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE